

B O I N X 0/2

IES DE RODEIRA

BOLETÍN INFORMATIVO XERAL

INVERNO 2019

A Í V E Ñ E N . . . !

XANEIRO

Martes 22 MOTIVACIÓN EMPRENDEDORA 10:30 Usos
Charlas de motivación emprendedora dentro do programa Depoemprende na FP 18/19

Xoves 24 LANGUAGE PLANNING 10:10 - 12:10 Auditorio
Teatro participativo e retranqueiro a cargo dos Quintilláns, para 4º ESO e 1º BACH

Martes 29 LE PETIT MALADE IMAGINAIRE 9:30 - 11:50 Auditorio
Adaptación da obra hipocondriaca de Moliere. Teatro de LBM para o alumnado de francés

Mércores 30 GUERRA E PAZ Vestíbulo
Dia da Paz. Levantaremos un mural con imaxes das guerras, traballaremos sobre textos e testemuñas, encheremos o mundo con grous de origami, lanzaremos a mensaxe da paz ao vento.

Mércores 30 CREPES BRETONAS vs. FILLOAS GALEGAS Aparcamento
Celebrando a *Chandeleur*, 2º ESO/BACH de francés gozarán dunhas crepes bretonas preparadas nun camión-cociña. O **xoves 31**, festexando a *Candeloría*, contratarán as filloas.

FEBREIRO

Do 1 ao 14 OUTRA VEZ EROS.... Vestíbulo
Da Candelaria a San Valentín, xa que Medio inverno vai fora e o corazón comeza a desperezar, haberá fotomatón para amantes e a equipa de Cupidos repartirá cartas apaixonadas

Domingo 10 SMART TEACHERS PLAY MORE Islandia
Dentro do programa Erasmus +, o profesor Carballido realizará un cursiño na Illa Wikinga

Mercores 13 MOSTRA FP/ EMPREGO 8:30/ 12:10 Auditorio
O alumnado de 1º BACH acudirá a mostra organizada polo Concello. 4º ESO, o xoves 14.

Mércores 13 PRINCIPIO DE INCERTEZA 15:30 Biblioteca
Invitada polo club de lectura *Vai de libros*, contaremos ca presenza da escritora Pilar Ortega

Venres 15 ROMARIA SOLIDARIA 14:14 Patio + Praia
Churrascada aberta ao público, organizada pola *Cooperativa Escolar N'a Vieira*, con fin de recaudar fondos para *Bicos de papel*, asociación contra o cancro infantil. Haberá máis sorpresas..

Do 18 ao 21 EXAMES DE PENDENTES
Nova oportunidade de redención para o alumnado empeñado en afianzar coñecementos

Venres 22 NA FRENTE UNHA ESTRELA...
...No bico un cantar. Celebraremos con poesía o Día de Rosalía.

Luns 25 MONTAÑAS NEVADAS Leitariegos, León
Tras catro anos de esforzado traballo e intensa formación, albíscase o final do tunel. O alumnado de 4º de ESO celebrará a fin de etapa esquiando en Leitariegos ata o venres.

Xoves 28 A PENÚLTIMA LECCIÓN
A profesora Beatriz Mariño (Economía) impartirá unha clase maxistral pechando a súa fecunda etapa laboral para abrir unha nova e xubilosa etapa na que lle desexamos o mellor

MARZO

Venres 1 VENRES DE ANTROIDO 12:30 Patio
Espantando o inverno, cacao de mascaradas, zumba e coplas cañeras. Habará orellas.

Do 1 ao 6 LONDON BURNING
Aproveitando o antroido, alumnado de 1º BACH, acompañado polas profesoras Nieves García, Susana García e Belén Villar, viaxará a Londres cun intenso plan de actividades culturais.

Venres 8 DÍA DA MULLER TRABALLADORA
Investigaremos as aportacións das mulleres ás ciencias. Asociación Púrpura elaborará un mural cas experiencias anónimas de discriminación recollidas no buzón do vestíbulo,

Xoves 21 ESTOUPA A PRIMAVERA
Acompasados co equinocio celebraremos o Día da Árbore e o Día da Poesía.

Do 25 ao 29 SEGUNDA AVALIACIÓN
Avanza o curso e volveremos examiñar o ritmo da marcha. Entrega de notas o **venres 29**

Martes 27 VISITA A CENTROS DE FP Pontevedra
O alumnado de 3º ESO e FPB1 coñecerán varios centros de FP para ir barallando futuros

ABRIL

Do 1 ao 5 CUANDO VAYAS A MADRID...
Alumnado de música de BACH viaxará á capital do Reino para asistir ao musical *El rey león*, desaparecer co Mago Pop, visitar varios museos e estudar o parque de atraccións.

Luns 1 FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO Empresas
O alumnado de Ciclos comezará as prácticas FCT cas que culminará a súa formación.

Luns 1 VAN OS BURROS... AOS POISSONS D'AVRIL
Ancestral comezo do ano e antigo día dos inocentes. Brincadeiras. Extremen as precaucións

Do 1 ao 4 ORIENTACIÓN UNIVERSAL 14:10, 12:30, 14:10, 9:20
Charlas de orientación universitaria para o alumnado de 2º BACH

Luns 1 VISITA A CENTROS FP Vigo
4º ESO e 2º FPB coñecerán varios centros de FP para ir esbozando posibilidades de futuro

Mercredi 3 VIVE LA FRANCOFONIE! Usos
Celebrando a festa da francofonía, degustación de cociña francesa feita nas casas

Mércores 3 MÉDULAS, BURGOS, ATAPUERCA
1º BACH iniciará unha viaxe de estudos de tres días as orixes do ser humano, visitando os xacementos de Atapuerca na busca de Miguelón Antecesor. Organizado por Filosofía e Historia

Martes 9 XORNADAS LAIKAS II Usos/Salón de Plenos
Ca colaboración de Europa Laica, Historia e Filosofía, reflexionaremos sobre os límites da blasfemia, os delitos de odio, os sentimentos e a construción dunha sociedade democrática.

Mércores 10 CAZATESOUROS CAMIÑO DE SANTAMARTA
As Equipas de Dinamización de 1º/2º da ESO seguirán as pistas tramadas por ANSO/1º Bach

Venres 12 VACACIONS DE SEMANA SANTA.
O festivo do Venres de Dores abrirá as gozosas vacacións de Semana Santa.

As clases do Trimestre de Primavera reinicianse o MARTES 23 de ABRIL de 2019

...AÍ VAN!

NOVEMBRO 2018

Mércores 7 O ENTRAMADO DAS COUSAS 18:30 Usos
Apaixonante charla do mestre cesteiro Rubén Berto sobre a arte máis antiga da humanidade

Venres 16 CONCIENCIA DE XÉNERO 9:20 a 14:10 Usos
Nun esforzo amazónico a asociación de mullereres **Asumcordas** mantivo durante toda a mañá charlas participativas co alumando de ESO, BACH e Ciclos ao redor da condición feminina

Xoves 22 SAINTE CATHARINE Francés 1º ESO
Concurso de gorros con decoracións amarelas e verdes, celebrando a festa das costureiras.

Venres 23 NOS ZAPATOS DAS VÍCTIMAS 11:20 Praza das Pontes/Patio
Exercitando a toma de conciencia sobre a violencia de xénero, iniciamos o camiño á Praza das Pontes. No Patio limos o manifesto e, lembrando as vítimas, colgamos o calzado no enxexado

Venres 23 FÍSICA DE PARTÍCULAS Usos
Miguel Ramos, físico colaborador do CERN, explicou a 1º e 2º BACH o proxecto e funcionamento do acelerador, demostrando que tamén poden facerse colisións cuánticas en galego

Martes 27 RENOVACIÓN CONSELLO ESCOLAR
Resultado das eleccións, con ampla participación de alumnado e profesorado e moi baixa das familias. Novos representantes do alumnado: **Isaac Piñeiro** e **Iván Armesto**. Das familias: **Sandra Pérez** e **Saladina Prieto**. Do profesorado: **Begoña Puime**, **Xosefa Martinez** e **Gemma Caramés**.

Xoves 29 GALICIA SKILLS Silleda
FPB, Electrónica e Administrativo acudirán á exposición/concurso de FP en Silleda

Venres 30 ARDE GALICIA CO LUME FORESTAL Usos
Os bombeiros da Base de Incendios Forestais de Campelo trouxeron o camiión e expuxeron a 2º BACH a complexidade da actuación do monte. Devolverémolles a visita en breve.

DECEMBRO 2018

Luns 3 MANGAKAS CC Gran Vía, Vigo
O Club de Manga e a Biblioteca acudiron á exposición de manga no CCGV e Norma Comics

Mércores 5 PONTE AS PILAS Vestíbulo
Inicio do concurso PILABOT de recollida de pilas e acumuladores. Remata o 28 de xaneiro.

Mércores 12 IDEA/EDUCAEMPRENDE Cidade da Cultura, Santiago
Jacob Bamio, Daniel Riobó e Alberto Alonso recolleron o 3º premio **Idea** do plan *eduemprende*

Martes 18 ARQUEOLOXÍA do FACHO Usos
Da man do Concello, *Árbore Arqueoloxía* desvelou a 3ºESO os resultados da última intervención

Mércores 19 XOAN XXIII Usos
A Asociación Xoán XXIII explicou o seu labor a 1º BACH e presentou a curta *A mentira secreta*

Xoves 20 BOHEMIAN RAPSODY Cines Gran Via, Vigo
Impulsados polo Clube de Música, 2º, 3º e 4º ESO seguiron a Freddie no seu ascenso aos ceos

Venres 21 FIN DE TRIMESTRE
Celebramos o derradeiro día lectivo do ano cunha **CHOCOLATADA SOLIDARIA** organizada por 4º ESO e a proxección da película **Coco**. No torneo de xadrez arrasou o profesor Castro e no de futbito a equipa de ESO alzouse ca victoria. Houbo sorte na lotería, con terminación remunerada.

XANEIRO 2019**... AÍ VAN!**

Martes	8	POSTAIS FRANCOFONAS	Vestíbulo
Exposición das postais de Nadal intercambiadas con varios centros escolares de Europa			
Mércores	9	A NOVA ORDE	10:00 Biblioteca
O profesor Xosé Vieira expuxo ante o alumnado de Electrónica e Administrativo as claves para entender o futuro imperfecto que lles agarda e desenmascarar os poderes fácticos ocultos.			
Venres	11	XEOLOXÍA DE CABO HOME	Donón
2º BACH explorou as rochas do fuciño do Morrazo			
Luns	14	LOXÍSTICA INFORMÁTICO ADMINISTRATIVA	Arteixo, A Coruña
O ciclo de Administrativo visitou as instalacións de Inditex e o Arquivo Histórico de Galicia			
Mércores	16	A GALIÑA AZUL	15:30 Biblioteca
En Vai de libros contamos ca animada presenza do tanxarino Eduardo R. Cunha, Tatán			
Venres	18	OLIMPIADA MATEMATICA	Compostela
Cinco eleixidas/os para a gloria preséntanse á Olimpiada galega na Facultade de Matemáticas de Santiago en representación do noso Centro. Nada máis fermoso que unha ecuación ben resolta.			
Venres	18	QUERO SER MACBETH!	10:10 Usos
Estrea mundial da cortometraxe elaborada polo alumnado de Literatura Universal			
Venres	18	CONVIVENCIA EN GANDARÍO	Albergue Gandarío
Os nosos incansables CORRESPONDENTES XUVENÍS, eficaces informadores de todo tipo de actividades acoden ao albergue coruñés a unha fin de semana de deporte, xogo e convivencia.			

AI ESTÁN.

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
TORNEO FUTBOL SALA Pavillón Recreos	ROTEIRO Praia Recreos TEATRO ANPA Usos 16:30 BADMINTON Pavillón 16:00	TORNEO FS Pavillón Recreos CLUB de MÚSICA Usos 11:00 VAI DE LIBROS Biblioteca 15:30 FUTBOL SALA Pavillón 16:00 CLUB DEBERES Biblioteca 17:00 TEATRO ADULTOS Usos 18:30	XOGOS Pavillón Recreos PORTUGUÉS E+ Profesorado 15:00 Alumnado 18:45	TORNEO FUTBOL SALA Pavillón Recreos MANGA E ANIME Usos 12:12

OBRADOIROS DE ADULTOS

Informática, Inglés, Galego, Debuxo, Historia, Xardín, Ximnasia, Micoloxía, Filosofía, Música, Coro, Baile, Xeografía, Escritura creativa, Lingua para persoas extranxeiras.

De 16:00 a 20:30

boinx@iesrodeira.com